

SOLICITANTE: CONCELLO DE MUROS. POBOACIÓN: 8.887 HAB

DOCUMENTO: MEMORIA DE REALIZACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE INCENDIOS FORESTAIS Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de Estratexias de Sustentabilidade Ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

DATA DA MEMORIA: 29/11/2016

No presente documento explícase cómo se levou a cabo o Plan de Actuación Municipal ante Incendios Forestais do concello de Muros, presentando ao final do mesmo as diferentes tarefas realizadas e os tempos de elaboración de cada unha delas nun cronograma.

1. OBXETO

Segundo o PEIFOGA (Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia), o concello de Muros está clasificado como de Risco Potencial MOI ALTO para incendios forestais, e inclúese na lista de Zonas de Alto Risco (ZAR) segundo a normativa de montes (Lei 43/2003 de 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, de 28 de abril, de Montes), polo que debe dispoñer dun Plan de Actuación Municipal (PAM) ante incendios forestais.

Dito plan ten a finalidade de conseguir a máxima protección para as persoas, os bens e o medio ambiente, que poidan resultar afectados polas consecuencias dos incendios forestais. Para iso, establécese dentro do PAM unha estrutura xerárquica e funcional dos medios e recursos dispoñibles que permita facer fronte ás situacións de alerta e emerxencias que se produzan no espazo forestal do concello.

Os obxectivos a conseguir coa redacción do plan son:

- ✓ Prever a estrutura organizativa e os procedementos para a intervención en emerxencias por incendios forestais, dentro do territorio do municipio, en coordinación cos grupos operativos previstos no plan especial.
- ✓ Establecer sistemas de articulación coas organizacións doutras administracións segundo as previsións do PEIFOGA en que se integran.
- ✓ Zonificar o territorio en función do risco e das posibles consecuencias dos incendios forestais, en concordancia co que estableza o Peifoga, delimitar áreas segundo posibles requirimentos de prevención e intervención e despregamento de medios e recursos, así como localizar a infraestrutura física que hai que utilizar nas operacións de emerxencia.

- ✓ Establecer medidas de información e formación á poboación sobre o risco de incendio forestal, así como sobre as medidas de autoprotección que se pretenden utilizar en caso de emerxencia por incendios forestais.
- ✓ Poñer en marcha medidas de autoprotección dos núcleos urbanos e das edificacións encamiñadas a evitar o risco de interface urbano-forestal, a través da creación e do mantemento de franxas perimetrais.
- ✓ Catalogar os medios e os recursos específicos para a posta en práctica das actividades previstas.

2. ELABORACIÓN DO PLAN

O *"Plan de Actuación Municipal fronte ao risco de incendios forestais no concello de Muros"* elaborouse seguindo os apartados do punto 3 da Memoria técnica de solicitude para a orde de axudas citada ("obxectivos perseguidos e destinatarios), nos que se define o contido previsto para o traballo. Eses puntos plasmáronse no documento do PAM da seguinte maneira:

Introdución

Datos do concello

A descrición do concello abrangue os seguintes aspectos:

- ✓ Situación xeográfica e superficie
- ✓ Poboación e actividades económicas
- ✓ Altitude e orografía
- ✓ Hidroloxía
- ✓ Redes de comunicación, redes de abastecemento de electricidade, auga potable e saneamento
- ✓ Clima
- ✓ Medio natural
- ✓ Datos específicos asociados ao risco: masa forestal, pistas, faixas secundarias,...

Coñecemento do risco e vulnerabilidade

Neste apartado analízanse aspectos tales como:

- ✓ O perigo local de que se produzan incendios, que analiza a frecuencia, gravidade e causas dos incendios ocorridos no concello nos últimos dez anos
- ✓ A vulnerabilidade do medio: tanto de persoas coma de bens coma do medio

ambiente. Para iso tense en conta a integración das poboacións no entorno forestal, as infraestruturas existentes (redes eléctricas, ferrocarril, tráfico rodado...), as características da masa forestal (uso do solo, pendente do monte, exposición ó sol) e os elementos de protección natural.

- ✓ Con estes dous aspectos determínase o Risco Potencial de incendios forestais no concello de Muros, e se elaboran as zonas de prioridade de actuación dentro do concello, identificando tamén os elementos vulnerables en cada zona.

Activación do Plan de Actuación Municipal

Neste apartado describen os diferentes niveis nos que pode estar o PAM

Estrutura e organización do Plan de Actuación Municipal

Neste apartado preséntanse os niveis organizativos do municipio, especificando para cada un deles as funcións dentro do plan, os datos de contacto, as ordes xerárquicas de cada membros, etc.

Operatividade do Plan de Actuación Municipal

Neste apartado trátanse temas relacionados coas actuacións preventivas, a interacción con outros plans de incendios de nivel xerárquico superior, e en xeral dos procedementos de activación, actuación e declaración de final de emerxencia, así coma a implantación e mantemento do plan.

Anexos

- ✓ Directorio
- ✓ Modelos de comunicación dentro do PAM
- ✓ Consellos de autoprotección fronte ao risco
- ✓ Outros plans de autoprotección asociados
- ✓ Cartografía específica.

3. CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos lévanse ao cabo en 8 semanas, comezando estes cunha primeira reunión do equipo técnico co persoal do concello o martes 11 de outubro, e rematando coa presentación dos traballos o martes 29 de novembro.

Fase dos traballos	Semanas							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Reunión inicial do equipo técnico executor do PAM co persoal municipal. Clarificación de contidos e obxectivos da actuación. Aprobación do cronograma e elaboración de índice. Identificación de responsables de proxecto.								
Avaliación do PEIFOGA Recadación de información relevante para a elaboración do PAM (cartografía, datos do concello, outros planes municipais, meteoroloxía, etc.).								
Reunión e consultas con grupos de interese. Identificación de zonas concretas de riscos, identificación de elementos vulnerables, resolución de dúbidas, etc.								
Redacción do Plan de Actuación Municipal fronte ao risco de incendios forestais no concello de Muros.								
Revisión do documento Xustificación da actuación (pago, memorias, edición do informe, etc)								